


EXPTE. Nº: 8/PC16/OBRAS/2016: "AMPLIACIÓN DA CASA DE CULTURA DE ADINA"- LIÑA 1

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aprobado o expediente de contratación, mediante procedemento negociado para a adxudicación da obra de **"AMPLIACIÓN DA CASA DE CULTURA DE ADINA", investimento financiado ao 100% pola Deputación Provincial de Pontevedra, dentro da liña 1 do Plan Concellos 2016.**

Presentada a documentación, sinalada na cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, o 27 de febreiro de 2017 (entrada nº 1.820), requirida ao licitador que obtuvo a maior puntuación, de acordo ao disposto no informe técnico de valoración das ofertas admitidas, tras a fase de negociación do contrato efectuada o 13 de febreiro de 2017, emitido polo arquitecto municipal, Don Rafael Vázquez Abal o 16 de febreiro de 2017, e á vista da fiscalización positiva/favorable emitida ao respecto pola Intervención Municipal en data 20 de febreiro de 2017, esta alcaldía **RESOLVE:**



1º) Adxudicar, o contrato da obra de "AMPLIACIÓN DA CASA DE CULTURA DE ADINA", á empresa "CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA SL" conforme ao Prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto técnico polo que se rixe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario durante a fase de negociación, que executará as obras polo **prezo inicialmente proposto** de CINCUENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS TRINTA EUROS (59.230,00 €) SEN IVE, O IVE ASCENDE A DOCE MIL CATROCIENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (12.438,30 €), **E SETENTA E UN MIL SEISCIENTOS SESENTA E OITO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (71.668,30 €) IVE ENGADIDO**, debendo procederse a súa formalización en documento administrativo dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación ó adxudicatario, conforme o sinalado na **cláusula 13ª** do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º) Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A esta licitación foron invitadas tres empresas, das que dúas presentaron proposición, sendo admitidas todas as presentadas, e son as que a continuación se citan:

Plica núm. UN: Presentada por Don Emilio Balboa Ortiz, con DNI nº 35.245.472-L e domicilio en Avda. de Vigo nº 36 baixo, 36003 Pontevedra, en representación da persoa xurídica **CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA, S.L.**, e CIF nº B-36.181.782. De conformidade co informe técnico de data 16 de febreiro de 2017 de valoración das

proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 13 de febreiro de 2017, e que obra no expediente, o arquitecto municipal outórgalle á plica 9,49 puntos polo criterio de prezo, 30,00 puntos polo criterio do prazo de execución das obras e 16,54 puntos polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha **puntuación total de 56,03 puntos**.

Plica núm. DOUS: Presentada por Don Esteban Torres Pérez, con DNI nº 77.401.199-N e domicilio en Rúa Epifanio Campo Nuñez nº 23, 36990 Vilalonga, en representación da persoa xurídica **CONSTRUCCIONES Y REFORMAS 3 TORRES 2010, S.L**, CIF nº B-94.018.983. De conformidade co informe técnico de data 16 de febreiro de 2017 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 13 de febreiro de 2017, e que obra no expediente, o arquitecto municipal outórgalle á plica 10,64 puntos polo criterio de prezo, 30,00 puntos polo criterio do prazo de execución das obras e 13,98 puntos polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha **puntuación total de 54,62 puntos**.

3º) Aprobar o gasto, con cargo á partida orzamentaria 33008 / 62200 por un importe de 71.668,30 Euros (IVE engadido).

4º) Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **quince (15) días naturais** dende a firma do contrato, un **Plan de Seguridade e Saúde** na execución da obra, en aplicación do Estudo de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarase, se procede, pola alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan.

5º) Dentro do prazo de **quince (15) días naturais** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presenza do contratista, a efectuar a **comprobación do replanteo**, estendéndose acta do resultado que asinase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.

6º) O órgano de contratación **deberá comunicar aos técnicos provinciais**, designados para o seguimento desta obra, **cun mínimo de SETE (7) DÍAS NATURAIS, a data, hora e lugar do acto de comprobación do replanteo das obras**, para que poidan estar presentes. De acordo ao disposto na comunicación da Deputación Provincial, que tivo entrada neste concello o 26 de xullo de 2016 co nº 8002, será o Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Don Eugenio J. Marcote Carballo ou o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Don Sergio F. Bastianello, aos que se lle comunique o anteriormente sinalado, a través dos seguintes correos electrónicos:

eugenio.marcote@depo.es
608.69.64.46

sergio.bastianelli@depo.es
669.33.52.45

Compre sinalar que o Deputado Delegado en materia de cooperación e asistencia a municipios, previa solicitude formulada por este concello de asistencia técnica para a recepción das obras, resolveu o 24 de novembro de 2016, designar a **Don Eugenio Marcote Carballo, enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación cos municipios**, para asistir en representación do Concello de Sanxenxo ao acto de recepción desta obra, investimento ao abeiro do Plan Concellos 2016. Polo que a comunicación deberase efectuar a través do e-mail eugenio.marcote@depo.es


7º) Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.

8º) O adxudicatario, deberá colocar no inicio das obras, na data da comprobación do replanteo, o cartel de obra, que deberá axustarse ao disposto nas Bases do Plan Concello 2016, custo que será a cargo do contratista.

Dada en Sanxenxo a un de marzo de dous mil dezasete.




O alcalde



Gonzalo Gonzalo Pita



ante min, secretario xeral



Ángel Luis López Pita